

ESTREA EN NUMAX: 07.02.2020 | V.O. | +12

Arima (2019, 77')

Dirección: Jaione Camborda Coll

Guión: Jaione Camborda Coll

Elenco: Melania Cruz, Nagore Arias, Rosa Puga Dávila, Iria Parada, Tito Asorey, Mabel Rivera

Son: Javier Pato

Fotografía: Alberte Branco

Montaxe: Marcos Flórez

Dirección de arte: María Lolo

Vestuario: Renata Uzal

Produtora: Esnatu Zinema

Distribuidora: Baños Films

Formato de proxección: DCP2K, 1.85:1

Idioma orixinal: Galego

PREMIOS E FESTIVAIS

Sevilla 2019 (Mellor Dirección Nuevas Olas)

FILMOGRAFÍA

Rapa das Bestas (2017) [curtametraxe]

Nimbos (2015) [curtametraxe]

Proba de Axilidade (2015)

[curtametraxe]

Lilit (2015) [curtametraxe]

O Tempo dos Nenos (2013, codirección)

SINOPSE

Arima é aquilo que ves a través da brétema, aquilo que intúes mais non consegues ver con claridade. Un soño, un recordo, un desexo. *Arima* é a historia de catro mulleres e unha cativa que se ve alterada pola chegada inesperada de dous forasteiros. Un deles fuxe do outro, agochándose pola vila coma un ser fuxidío, fantasmagórico e de dubidosa existencia. O outro, un home ferido e cunha arma, perturbará de diferentes formas a vida das mulleres. Todo isto moverase na fronteira entre o real e o imaxinado, entre o pesadelo e o soño, entre o medo e o desexo, nunha historia impregnada de misterio.

«Camborda ten unha abraiante habilidade para empregar elementos recoñecíbeis para rexurdir cunha realidade totalmente orixinal, que é desconcertante e fascinante a partes iguais»

Cristóbal Soage, CINEUROPA



“Manexar novas sensibilidades que dialogan coa túa foi todo un reto”

Entrevista con Jaione Camborda

Por Ramón Rey

Xa tiñas experiencia de participar en películas como *As altas presións* (Ángel Santos, 2014), pero todo o relacionado co tamaño da produción, o acceso a financiamento, o tempo necesario... supón unha maior complexidade. Foi unha peli pola que tivemos que loitar. Os tempos dilatáronse un pouco para min en exceso. O meu obxectivo é, de cara á seguinte, conseguir acurtar eses tempos. Porque ao final dificultan identificarte mesmo co propio proxecto. Tes que actualizalo constantemente e é algo traumático. Conséguelo facer, pero esixe un esforzo e unha revisión constante do proxecto.

Estabas afeita a ser ti quen manexara a cámara e nesta película tiveches que delegar noutra persoa. Provocouche algún conflito na túa relación coa creación das imaxes? Levo traballando tempo coa cámara en man. A cámara en man contén algo moi persoal da persoa que a manexa. Gozo moito desa cámara temperamental, desa cámara que treme, que se deixa seducir, que dialoga de forma moi persoal... nótase o pulso de quen a está manexando. Iso nas miñas pezas curtas identificábame claramente

e neste caso tivo que haber un traballo de saber delegar, de saber transmitir moi ben. Pero á fin e ao cabo o pulso do cámara transmitiuse á película. Ese é un dos cambios nesta longametraxe. Conte con moita máis xente e toda deixou a súa pegada na película. Como manexar esas novas sensibilidades que dialogan coa túa foi todo un reto tamén.

O que si fixeches foi seguir coa decisión de rodar en celuloide, neste caso en 16 mm. É un acto de resistencia ante o dixital ou non concibes rodar doutra maneira? Non son inimiga do dixital. Cada proxecto necesita as súas estratexias formais. Tamén é verdade que son unha amante do celuloide e que gozo moito del. Ademais gozo do matérico que devolve e do proceso de rodaxe co celuloide. É unha pregunta que me fixen moito para afrontar esta película, porque condicionaba a rodaxe dunha maneira moi importante. E si que entendía —e entendo aínda— que era necesario para este proxecto o celuloide. Ten que ver co discurso tamén.

A acción de *Arima* transcorre en Mondoñedo, que é un lugar con moitas especificidades. Como chegas a localizar a película alí? Había xa unha primeira versión do guión dun lugar menos real ata que buscando localizacións cheguei a Mondoñedo e todo cadra, porque era dunhas dimensións perfectas. Unhas dimensións que ás veces parece cidade, ás veces parece vila, ás veces parece aldea. Logo, doutra banda, cheo de humidade, de verdor, de pedra. Está metido nun val,

entón baixa a néboa e ten sobre todo unha forza telúrica moi especial. E principalmente está como suspendido no tempo, coma se se paralizase dalgunha maneira. Iso era perfecto para a atmosfera da película.

E alí atopaches á nena protagonista.

Claro. Xa unha vez sabendo que era Mondoñedo comecei o casting para buscala no seu lugar de confort. Non extraela. Buscar esa comodidade para ela, para que non fose algo traumático. E en efecto foi unha sorte, porque hai só un colexio. Igual hai quince nenas desa idade que podían participar e xusto apareceu ela. Iso é como unha agulla nun palleiro en realidade. Foi bonito atopala, porque tiña algo moi de Olivia. A forma de mirar, o tempo, a percepción da maxia. Esa confusión entre realidade e xogo moi desa idade. Dalgunha maneira nela dábase todo isto.

Publicado en <https://cinemaldito.com>

Tradución: Olalla Cociña

A directora

Jaione Camborda (Donostia, 1983) estudou Comunicación Audiovisual, Dirección de Cinema e Dirección de Arte. Tras traballar en Berlín, no 2010 asentouse en Santiago e un ano máis tarde fundou a súa produtora, Esnatu Zinema. Dirixiu as curtametraxes *Rapa das Bestas* (2017), *Nimbos* (2015), *Proba de Axilidade* (2015), *Lilit* (2015), todas gravadas en 16 milímetros cunha cámara Super-8, e o documental *O Tempo dos Nenos* (2013, codirección). Como directora de arte traballou con Ángel Santos en *Las Altas Presiones* (2015), con Alfonso Zarauza en *Encallados*, de (2014) e con Xavier Bermúdez en *O Ouro do Tempo* (2015). Como guionista escribiu, entre outros, o guión de *Os Fenómenos* xunto a Alfonso Zarauza, co que lograron o Mestre Mateo e o premio ao mellor guión do Festival de Fortaleza, en Brasil.

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
 Concepción Arenal, 9 baixo
 15702 Santiago de Compostela
 TELF 981 560 250 | www.numax.org



AMALIA XA TEN O SEU ABONO REDUCIDO

E ti, a que
 agardas para
 abonarte?



Se ti xa es de NUMAX e queres compartilo, fai unha foto co teu abono e compártea.

#eusondenamax